

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

- 2076** *Orde ARM/183/2009, do 4 de febreiro, pola que se modifica o anexo IV do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.*

O Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, incorporou ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

A Directiva 2008/109/CE da Comisión, do 28 de novembro de 2008, pola que se modifica o anexo IV da Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio, estableceu unha modificación no réxime aplicable ás embalaxes de madeira e á madeira utilizada para calzar ou soportar carga que non sexa de madeira, polo que procede a súa incorporación ao noso ordenamento a través da correspondente modificación do anexo IV do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro.

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación establecida na disposición derradeira segunda do citado real decreto, pola que se faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, actual ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, para adaptar os anexos deste ás modificacións que sexan introducidas neles mediante disposicións comunitarias.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

*Artigo único. Modificación do anexo IV do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.*

Os puntos 2 e 8 da sección I da parte A do anexo IV do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, quedan redactados do seguinte modo:

«Vexetais, produtos vexetais e outros obxectos	Requisitos especiais
<p>2. Embalaxes de madeira en forma de caixóns, caixas, gaiolas, tambores e envases similares, palés, caixóns palés e outras plataformas de carga, colariños para paletas, utilizados para o transporte de mercadorías de todo tipo, agás a madeira bruta dun grosor igual ou inferior a 6 mm, e a madeira transformada ou producida por encolado, calor ou presión, ou por unha combinación destes métodos, orixinaria de países terceiros, agás de Suíza.</p>	<p>As embalaxes de madeira:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– estarán libres de casca con excepción dun número indeterminado de anacos de casca, sempre que o seu grosor sexa inferior a 3 cm (independentemente da súa lonxitude) ou, en caso de que o seu grosor sexa superior a 3 cm, sempre que a súa superficie sexa igual ou inferior a 50 cm<sup>2</sup>,</li> <li>– someteranse a un dos tratamentos aprobados que se especifican no anexo I da publicación nº 15 das Normas internacionais para medidas fitosanitarias da FAO, titulada Directrices para regulamentar a embalaxe de madeira utilizada no comercio internacional, e</li> <li>– levarán unha marca segundo se especifica no anexo II da publicación nº 15 das Normas internacionais para medidas fitosanitarias, titulada Directrices para regulamentar a embalaxe de madeira utilizada no comercio internacional, que indique que a embalaxe de madeira foi sometida a un tratamento fitosanitario aprobado.</li> </ul> <p>O primeiro guión só será aplicable a partir do 1 de xullo de 2009.</p>
<p>8. Madeira utilizada para calzar ou soportar carga que non sexa de madeira, incluída a que non conserve a súa superficie redondeada habitual, agás a madeira bruta dun grosor igual ou inferior a 6 mm, e madeira transformada producida por encolado, calor ou presión, ou por unha combinación destes métodos, orixinaria de países terceiros, agás de Suíza.</p>	<p>A madeira:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– estará libre de casca con excepción dun número indeterminado de anacos de casca, sempre que o seu grosor sexa inferior a 3 cm (independentemente da súa lonxitude) ou, en caso de que o seu grosor sexa superior a 3 cm, sempre que a súa superficie sexa igual ou inferior a 50 cm<sup>2</sup>,</li> <li>– someterase a un dos tratamentos aprobados que se especifican no anexo I da publicación nº 15 das Normas internacionais para medidas fitosanitarias da FAO, titulada Directrices para regulamentar a embalaxe de madeira utilizada no comercio internacional, e</li> <li>– levará unha marca segundo se especifica no anexo II de publicación nº 15 das Normas internacionais para medidas fitosanitarias, titulada Directrices para regulamentar a embalaxe de madeira utilizada no comercio internacional, que indique que a madeira foi sometida a un tratamento fitosanitario aprobado.</li> </ul> <p>O primeiro guión só será aplicable a partir do 1 de xullo de 2009. »</p>

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva 2008/109/CE da Comisión, do 28 de novembro de 2008, pola que se modifica o anexo IV da Directiva 2000/29/CE do Consello, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 4 de febreiro de 2008.—A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, Elena Espinosa Mangana.